



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Candido Rosendo Calvar, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do 30/04/08

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Temos coñecemento de que se vai a deslindar e amolloar a liña divisoria entre os concellos de Marín e Vilaboa por parte dunhas comunidades de montes.

O grupo municipal do BNG solicitou que o Concello de Vilaboa solicitase o deslinde ao Instituto Xeográfico no ano 2006. Recentemente, preguntamos por este tema sen que se nos dese unha resposta satisfactoria das xestións realizadas.

Como é sabido, o deslinde do término municipal é unha competencia do Concello que non pode delegar noutras entidades.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Vilaboa iniciará o deslinde co Concello de Marín de común acordo no máis breve período de tempo.
2. O Concello de Vilaboa dirixirase ás comunidades de montes e servizo de Montes da Delegación de Medio Rural no sentido de que se absteñan de realizar o deslinde por non teren competencias no asunto.

Vilaboa, 30 de abril de 2008.

Cándido Rosendo Calvar
Concelleiro

SR. ALCALDE DE VILABOA.